



RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE MARZO DE 2021 POLA QUE SE CONVOCAN AS ELECCIÓNS PARA A DIRECCIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS DA UDC

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral xeral (REX) aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, esta reitoría resolve convocar as eleccións de decanos/as e directores/as de centro e directores/as de departamento nos centros propios da UDC segundo as bases que se achegan con este escrito.

I) COLEXIOS ELECTORAIS

Para as eleccións a decanatos e direccións de centros

O colexio electoral correspóndense coas xuntas de facultade e de escola de cada un dos centros que se relacionan no anexo II desta resolución.

Para a elección á dirección de departamentos

O colexio electoral correspóndense co consello de cada un dos departamentos que se relacionan no anexo III desta resolución.

II) ELIXIBLES

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Son elixibles os membros da xunta de centro que, sendo profesores ou profesoras con vinculación permanente á Universidade e estando adscritos ao respectivo centro, foren proclamados candidatos de forma definitiva.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Son elixibles os membros do consello que, tendo a condición de profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade, foren proclamados candidatos de forma definitiva.

Poderán ser elixibles os membros do consello que teñan a condición de profesorado con vinculación permanente e carezan do título de doutor ou doutora, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Cando ningún membro do profesorado doutor con vinculación permanente for proclamado candidato.

b) Cando existindo persoas candidatas profesoras doutoras con vinculación permanente, ningunha delas obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello do departamento. Na sesión extraordinaria do consello do departamento (segundo o artigo 45 do Regulamento electoral xeral) poderá presentarse como persoa candidata calquera persoa do profesorado do consello do departamento. Neste suposto, os membros do profesorado non doutor con vinculación permanente así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de departamento cando obtiveren, en segunda volta, un número de votos superior ao acadado polo membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta. De non se dar este suposto, proclamarase director/a o/a candidato/a membro do

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFIZkmcP5wJmXm1g==		
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	22/03/2021 10:46:55
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFIZkmcP5wJmXm1g==		
Páxina	1/8		





profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

III) ELECTORES

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Nas eleccións de decano/a e director/a de centro son electores todos os membros da xunta de centro que figuren no correspondente censo electoral.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Nas eleccións de director/a de departamento son electores todos os membros do consello de departamento que figuren no correspondente censo electoral.

IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas irán dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central e presentaranse dentro do prazo establecido no calendario electoral do anexo I no rexistro do centro ou na UADI do departamento correspondente. Estes enviarán por correo electrónico as candidaturas que lles presenten ao enderezo comision.electoral@udc.gal.

O escrito, asinado polo candidato ou candidata, conterá os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Número do documento oficial de identificación
- Centro e departamento a que está adscrito

A proclamación provisoria e definitiva de candidatos e candidatas será realizada pola Comisión Electoral Central de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento electoral xeral.

Se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a persoa candidata definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación segundo o artigo 16.4 do REX.

V) MODO DE SE REALIZAR A SESIÓN PARA A ELECCIÓN

O decano/a de facultade ou director/a de escola en funcións e o director/a de departamento en funcións deberán convocar os membros do órgano colexiado para realizar unha reunión extraordinaria para a elección de decanato ou dirección de centro ou dirección de departamento, dentro do prazo sinalado no calendario electoral.

Co fin de que todas as persoas electoras poidan exercer o dereito ao sufraxio, os decanos/as e directores/as de centro e departamento evitarán que a reunión dos consellos de departamento coincida coa da xunta do centro a que están adscritos. No caso de que un representante o sexa en máis dun órgano colexiado, os órganos afectados deben garantir o seu dereito de sufraxio fixando as reunións para as eleccións de maneira que non coincidan no tempo.

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFizkmcp5wJmXm1g==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións				Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFizkmcp5wJmXm1g==				





Esta sesión extraordinaria da xunta de centro será presidida polo/a decano/a ou director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente na xunta. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente/a.

As papeletas, que serán elaboradas polo centro, conterán a relación de candidaturas proclamadas definitivamente, colocadas por orde alfabética, e un recadro ao lado para marcar o voto a favor da candidatura e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do Regulamento electoral xeral.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Esta sesión extraordinaria de consello de departamento será presidida polo/a director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente no consello. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen ante o consello o seu programa e, a continuación outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros do consello. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do departamento, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente.

As papeletas, que serán elaboradas pola UADI, conterán a relación de candidaturas proclamadas definitivamente, colocadas por orde alfabética, e un recadro ao lado para marcar o voto a favor da candidatura e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do Regulamento electoral xeral.

VI) PROCLAMACIÓN

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Será proclamada decana ou directora de centro aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta segundo o artigo 41 do Regulamento electoral xeral.

No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.

O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para os efectos da súa publicación.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFIZkmcP5wJmXmIg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións				Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFIZkmcP5wJmXmIg==				





Será proclamada directora de departamento aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do consello segundo o artigo 46 do Regulamento electoral xeral.

No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación, en que resultará elixida a persoa candidata que obtiver un maior número de votos. Esta votación producirase na mesma sesión do consello, mesmo que resultar de aplicación o establecido polo artigo 44.2 do REX.

O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para os efectos da súa publicación.

A Coruña, 22 de marzo de 2021

O reitor

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFizkmcp5wJmXm1g==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións				Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFizkmcp5wJmXm1g==				





ANEXO I

CALENDARIO COMÚN PARA AS ELECCIÓNS DE DECANATOS E DIRECCIÓN DE CENTRO E DEPARTAMENTO

1. Publicación do censo electoral provisorio: 23 de marzo de 2021 (martes)
2. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
 - Prazos de presentación: do 24 de marzo (mércores) ao 26 de marzo de 2021 (venres), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 29 de marzo (luns) ao 31 de marzo de 2021 (mércores)
3. Data de publicación do censo definitivo: 5 de abril de 2021 (luns)
4. Prazo de presentación de candidaturas: do 6 de abril (martes) ao 12 de abril de 2021 (luns), até as 14:00 horas
5. Proclamación provisorio de candidaturas: 13 de abril de 2021 (martes)
6. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 14 de abril (mércores) ao 15 de abril de 2021 (xoves), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 16 de abril (venres) ao 19 de abril de 2021 (luns)
7. Proclamación definitiva de candidaturas: 20 de abril de 2021 (martes)
8. Campaña electoral: do 21 de abril (mércores) ao 23 de abril de 2021 (venres)
9. Data da votación: entre o 26 de abril (luns) e o 30 de abril de 2021 (venres)
10. Proclamación provisorio de candidaturas electas: 3 de maio de 2021 (luns)
11. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas electas:
 - Prazos de presentación: do 4 de maio (martes) ao 5 de maio de 2021 (mércores), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 6 de maio (xoves) ao 10 de maio de 2021 (luns)
12. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 11 de maio de 2021 (martes)

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFIZkmcP5wJmXm1g==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións				Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFIZkmcP5wJmXm1g==				





ANEXO II

RELACIÓN DE CENTROS EN QUE SE CONVOCAN ELECCIÓN A DECANATO OU DIRECCIÓN

Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

Facultade de Ciencias

Facultade de Ciencias da Comunicación

Facultade de Ciencias da Saúde

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Facultade de Ciencias do Traballo

Facultade de Dereito

Facultade de Filoloxía

Facultade de Fisioterapia

Facultade de Informática

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFizkmcp5wJmXm1g==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións				Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFizkmcp5wJmXm1g==				



**ANEXO III****RELACIÓN DE DEPARTAMENTOS E UADI Á QUE ESTÁN ADSCRITOS****Departamento de Bioloxía**

- Centro de adscripción: Facultade de Ciencias
- UADI: Ciencias

Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

- Centro de adscripción: Facultade de Informática
- UADI: Informática

Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña

- Centro de adscripción: Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
- UADI: Náutica

Departamento de Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

- Centro de adscripción: Escola Técnica Superior de Arquitectura
- UADI: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Departamento de Dereito Privado

- Centro de adscripción: Facultade de Dereito
- UADI: Dereito

Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

- Centro de adscripción: Facultade de Ciencias da Educación
- UADI: Ciencias da Educación

Departamento de Economía

- Centro de adscripción: Facultade de Economía e Empresa
- UADI: Economía

Departamento de Educación Física e Deportiva

- Centro de adscripción: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
- UADI: Ciencias do Deporte

Departamento de Empresa

- Centro de adscripción: Facultade de Economía e Empresa
- UADI: Economía

Departamento de Enxeñaría Civil

- Centro de adscripción: ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
- UADI: Camiños

Departamento de Enxeñaría de Computadores

- Centro de adscripción: Facultade de Informática
- UADI: Informática

Departamento de Enxeñaría Industrial

- Centro de adscripción: Escola Universitaria Politécnica
- UADI: Escola Universitaria Politécnica

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFIZkmcp5wJmXm1g==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións				Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFIZkmcp5wJmXm1g==				



**Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial**

- Centro de adscrición: Escola Politécnica Superior
- UADI: Escola Politécnica Superior

Departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica

- Centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura
- UADI: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Departamento de Física e Ciencias da Terra

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias
- UADI: Ciencias

Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

- Centro de adscrición: Facultade de Fisioterapia
- UADI: Oza

Departamento de Humanidades

- Centro de adscrición: Facultade de Humanidades e Documentación
- UADI: Esteiro

Departamento de Letras

- Centro de adscrición: Facultade de Filoloxía
- UADI: Filoloxía

Departamento de Matemáticas

- Centro de adscrición: Facultade de Informática
- UADI: Informática

Departamento de Pedagogía e Didáctica

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias da Educación
- UADI: Ciencias da Educación

Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

- Centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura
- UADI: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Departamento de Química

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias
- UADI: Ciencias

Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación

- Centro de adscrición: Facultade de Socioloxía
- UADI: Socioloxía e Comunicación

Código Seguro De Verificación	0mBSwHhFIZkmcp5wJmXm1g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor		Asinado	22/03/2021 10:46:55
Observacións			Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0mBSwHhFIZkmcp5wJmXm1g==			

